

SEXTA.- SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

SÉTIMA.- UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excelentísima Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

OITAVA.- VIXENCIA

1. O prazo de vixencia do presente convenio esténdese dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de marzo do 2027.
2. As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro do 2026, e terán que estar xustificadas un mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.
3. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario.

NOVENA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

1. O incumprimento das cláusulas do convenio.
2. A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
3. A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por **Resolución de Presidencia número 59316** de data 15 de decembro de 2025.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

A ALCALDESA- PRESIDENTA DO
CONCELLO DE VIMIANZO

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Mónica Rodríguez Ordóñez

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Miguel Iglesias Martínez



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE
VIMIANZO

Número 16 /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA A XESTIÓN INTEGRAL CON ATENCIÓN DE VISITANTES, MOSTRA DE ARTESANÍA EN VIVO E OUTRAS ACTIVIDADES DO CASTELO DE VIMIANZO E OS BATÁNS DO MOSQUETÍN, ANUALIDADE 2026.

Na Coruña, a 9 de febreiro de 2026, na sede de Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña e

Doutra parte, Dona Mónica Rodríguez Ordóñez, Alcaldesa- Presidenta do concello de Vimianzo.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

- 1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor do Castelo de Vimianzo e os Batáns de Mosquetín.
- 2.- O Concello de Vimianzo leva cooperando coa Deputación provincial da Coruña na xestión do Castelo de Vimianzo e os Batáns do Mosquetín, un modelo de xestión do patrimonio cultural, no que os edificios e as actividades complementarias interactúan co espectador para facelo un actor activo e facer máis próximo o patrimonio á xente.
- 3.- O Concello de Vimianzo quere intensificar a súa cooperación coa Deputación na xestión do Castelo de Vimianzo e os Batáns de Mosquetín.
- 4.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de cooperación necesarias para a posta en valor destes conxuntos arquitectónicos a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo, CIF P1509300H por medio do cal a Deputación Provincial da Coruña encomenda ao Concello de Vimianzo, o proxecto de xestión con atención de visitantes, mostra de artesanía en vivo e outras actividades do Castelo de Vimianzo e dos Batáns do Mosquetín no ano 2026.

SEGUNDA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIMIANZO.

1. O concello de Vimianzo fará constar en todos os programas, folletos e carteis, etc., o **financiamento da Deputación Provincial da Coruña**.
2. O concello de Vimianzo achegará o persoal necesario para a atención a visitantes, mostra de artesanía en vivo e outras actividades no Castelo de Vimianzo e Batáns de Mosquetín, durante o período de imputación de gastos que figura na cláusula CUARTA do convenio. O concello porá en funcionamento o centro e encargarse das visitas que reciban.
3. Manter en perfectas condicións de conservación e limpeza, tanto o inmovible como os bens incluídos no mesmo.
4. **Promover o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, debendo ser o idioma utilizado o galego, tanto nas visitas guiadas como nos logotipos empregados.**
5. O concello de Vimianzo comprométese á apertura dos centros de acordo cos horarios que se establecen na cláusula TERCEIRA e elaborará unha estatística de visitas mensual e de xeito obxectivo e valorable.

6. EVENTOS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN SOCIO-CULTURAL.

6.1. ACTIVIDADES NO CASTELO DE VIMIANZO.

6.1.1. EXPOSICIÓN PERMANENTE

O Castelo de Vimianzo foi obxecto dun proxecto de musealización durante o desenvolvemento do Plan de Dinamización Turística. Nese proxecto converteuse unha das torres en centro de interpretación do Castelo e da Costa da Morte, a través de paneis e outros elementos. Por outra banda, instaláronse paneis sobre diferentes manifestacións artesanais. Ademais desa parte, atópase o foso e todas as dependencias da edificación que poden ser visitadas. Durante todo o ano hai servizo de conserxería para orientar aos visitantes na súa experiencia e, en tempada alta, fórnesse o servizo con visitas guiadas e atención ao visitante.

6.1.2. MOSTRA DE ARTESANÍA EN VIVO:

A Mostra de Artesanía en Vivo está constituída polas seguintes especialidades:

- Encaixe de Vimianzo
- Liño téxtil (todo o proceso)
- Maquetería de barcos

- Prata e vidro
- Traballos en palla
- Olería de Buño
- Traballo do coiro e papel, con Aspadex

6.1.3. EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

Un espazo da pranta baixa da torre que acolle o centro de interpretación habilitouse para poder acoller exposicións temporais tanto dos artesáns presentes na Mostra de artesanía coma de outras temáticas de promoción de Vimianzo e da Costa da Morte así como exposicións comisariadas pola Deputación.

6.1.4. VISITAS GUIADAS E TEATRALIZADAS

O Castelo de Vimianzo é un dos conxuntos máis visitados na Costa da Morte. Os viaxeiros que se achegan demandan información sobre a fortaleza e o seu contido, sobre o Concello, pero tamén sobre o resto do xeodestino.

Durante todo o ano, atende ao público un conserxe, praza específica para este espazo, e persoal das áreas de Cultura e Desenvolvemento Local.

Este servizo coordínase coas contratacións específicas de persoal de museos e de turismo que se realizan temporalmente.

En canto ás visitas teatralizadas, contéplanse para tempada alta. Unha compañía profesional cóntanos, cada fin de semana, a historia do castelo transformándose nas persoas que o habitaron durante diferentes épocas. Desde os Mariño de Lobeira e os Moscoso, pasando polos acontecementos do 36, ata a actualidade, relatan de xeito lúdico e ameno as principais vivencias acontecidas na fortaleza medieval. Unha teatralización de media hora que da ao visitante un percorrido pola historia do castelo e, a un tempo, de Galicia.

O calendario previsto para estas actuacións é o seguinte:

Día da semana: domingo

Duración: 30 minutos

Horario: 12:30 a 17:00, nos meses de xullo e agosto e primeira quincena setembro, Semana Santa.

Custo: de balde ate completar aforo previa inscrición nun formulario online.

Visitas nocturnas

Tamén está previsto realizar visitas nocturnas. Unha das que tivo moito éxito nestes últimos anos foron as realizadas con Evaristo Martelo. A pantasma do escritor, un dos últimos donos da fortaleza, recibe no que foi a súa residencia de verán aos visitantes que o acompañarán baixo a luz da lúa.

6.1.5. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E DIVULGACIÓN

O plan de acción inclúe outras actividades para realizar ao longo do ano, co fin de involucrar á poboación local e ás persoas visitantes. Está previsto levar a cabo as seguintes actividades:

Obradoiros de Artesanía Viva no patio do Castelo coincidindo coa temporada alta, permitindo que os participantes sexan artesáns:

- Obradoiro de panillo
- Obradoiro de barro
- Obradoiro de barcos
- Obradoiro de encadernación
- Obradoiro de vidro
- Obradoiros de liño (tecido e telar)
- Obradoiro de trenzado en palla
- Panillada no patio do Castelo
- Promoción da moda de liño
- Roteiros a pe pola contorna do Castelo
- Actuacións musicais ou audiovisuais.
- Relatorios sobre diferentes aspectos do Castelo, da súa historia e da súa realidade actual.
- Actividades de dinamización: scaperoom, xogo pistas...

Noites no Castelo, os venres dos meses de xullo e agosto no patio do Castelo organizar espectáculos teatrais e musicais en pequeno formato para que os visitantes e público local poida gozar deste espazo singular no seu tempo de lecer.

No mes de abril, os "Días europeos da artesanía" con obradoiros específicos.

6.1.6. UNIDADES DIDÁCTICAS

Dado que os centros educativos son demandantes de visitas guiadas é polo que neste curso escolar achegaranse unidades didácticas adaptadas ao proxecto curricular de cada ciclo educativo para que este recurso se converta en obxecto de estudo e a rapazada coñezan mellor a súa contorna.

6.2. ACTIVIDADES NOS BATÁNS DO MOSQUETÍN

6.2.1. EXPOSICIÓN PERMANENTE

O conxunto etnográfico dos batáns e muiños de Mosquetín está delimitado polo río e pola elevación da estrada de acceso. Desde o concello contrátase externamente a apertura do espazo no horario establecido. Dentro, as persoas visitantes poden entrar nas diferentes dependencias e ver a enxeñaría asociada ao uso da auga.

Mantense limpo o espazo e víxiase o estado de seguridade das zonas de tránsito.

6.2.2. VISITAS GUIADAS

En tempada alta elabórase un calendario de visitas guiadas e en tempada baixa pódense concertar, limitando este servizo á disposición de recursos.

Ademais, estase en contacto coa Asociación de Guías de Turismo por se é preciso derivar a algún grupo, dado que os recursos municipais son limitados.

6.2.3.ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E DIVULGACIÓN

- Roteiros a pe pola contorna contando coa poboación local.
- Relatorios sobre diferentes aspectos dos Batáns, da súa historia e da súa realidade actual.
- Actividades de dinamización.

6.2.4. UNIDADES DIDÁCTICAS

Dado que veñen de visita moitos centros educativos e de diferentes cursos, plantéxase elaborar varias unidades didácticas en coordinación cos profesionais de educación, para que o recurso se converta en obxecto de estudo e os pequenos coñezan mellor a súa contorna.

6.3. COMUNICACIÓN E DIVULGACIÓN.

Para a divulgación das actividades do proxecto empregaranse as seguintes ferramentas e medios:

- Gabinete de prensa
- Envío de notas de prensa periódicas e específicas
- Webs de titularidade municipal
- Redes sociais
- Grupos de WhatsApp
- Directorios
- Anuncios en medio de comunicación e redes sociais
- Carteis
- Puntos de información turística do Concello

As accións de divulgación e comunicación teñen os seguintes públicos obxectivos:

- Turismo e poboación local
- Profesionais de hostalería de Vimianzo e da zona
- Puntos de información turística e museos
- Centros educativos e asociacións na provincia
- Axencias de viaxes, turoperadores e guías

TERCEIRA.- ATENCIÓN DE VISITANTES E HORARIO

1. O Servizo de Atención a Visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ó amparo do establecido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa suporá creación de relación laboral algunha coa Excelentísima Deputación Provincial da Coruña.

2. O horario de atención ao publico será como mínimo:

CASTELO DE VIMIANZO: De martes a domingo , excepto Nadal e Aninovo.

- Temporada Baixa: (1 xaneiro-14 xuño/ 16 setembro-31 decembro): (10.00 h a 14.00 h //16.00 h a 18.30 h)
- Temporada Alta: (15 xuño-15 setembro): (10.30 h a 14.00 h //16.00 h a 20.30h)
- Semana Santa: (31 marzo-5 abril): (10.30 h a 14.00 h //16.00 h a 20.30 h)
- Os días 24 e 31 de decembro: 10:00 a 14:00

- Pechado: os luns, 1 xaneiro, 22 maio e 25 de decembro

BATÁNS DO MOSQUETÍN: De luns a domingo

- Temporada Baixa: (1 outubro-31 maio): (11.00 h a 18.00 h)
- Temporada Alta: (1 xuño-30 setembro): (10.00 h a 20.00 h)

CUARTA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1. A Deputación Provincial da Coruña abonará, ao Concello de Vimianzo, o importe correspondente ao 85,71429% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, ata un máximo de 120.000,00 euros, durante a anualidade de 2026, do 01 de xaneiro de 2026 ao 31 de decembro de 2026 con arranxo á seguinte desagregación e condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente:

		Orzamento	Achega provincial máxima	Porcentaxe de financiación
CASTELO DE VIMIANZO	0112/3365/22609	120.000,00 €	102.000,00 €	85,00%
BATÁNS DE MOSQUETÍN	0112/3332/22609	20.000,00 €	18.000,00 €	90,00%
TOTAL		140.000,00 €	120.000,00 €	85,71429%

2. No caso de que os gastos xustificados non cubertos con ingresos da actividade, foran superiores, a achega provincial non superará, en ningún caso, a cantidade indicada na cláusula CUARTA do convenio.

3.- Aboarase de conformidade co disposto na cláusula QUINTA do texto do convenio.

QUINTA.- FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Vimianzo a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira:

- Efectuaranse pagos trimestrais , polo importe correspondente aos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos.
- En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado.
- Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. Secretario co Visto e prace do Alcalde-Presidente do Concello de Vimianzo.
- Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.
- Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.
- Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Vimianzo deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.
- Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.
- O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.
- O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.